



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 12	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 11.12.2015	CARACTER: EXTRAORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 09:00 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE (PSdeG - PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANTONIO HERNANDEZ CRESPO	ARQUITECTO MUNICIPAL

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar do único asunto que conforma a orde do día que foi legal e previamente notificado:

PUNTO ÚNICO: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA GUARDA

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“VISTA a conclusión dos traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal que se está a tramitar neste Concello.

VISTO o informe técnico e xurídico municipal de data 26 de novembro de 2015 respecto da conformidade do Plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

VISTO o informe previo á aprobación inicial do citado Plan emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data 22 de agosto de 2011.

VISTA a documentación relativa á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Guarda presentada pola empresa adxudicataria dos traballos para a súa redacción.

CONSIDERANDO que na súa tramitación seguiu o procedemento establecido na lexislación aplicable.

VISTAS as competencias atribuídas ó Pleno do Concello nos artigos 22.2 c) e 47.2 ll) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Por todo o anteriormente exposto **PROPOÑO Ó PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Guarda nos termos que obran no expediente e no que se inclúe o informe de sustentabilidade ambiental.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia.

TERCEIRO: Dar audiencia ós municipios limítrofes, simultaneamente e durante o prazo de información pública, someter ó plan ás consultas previstas no documento de referencia e solicitar as administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios..

CUARTO: De conformidade co sinalado no artigo 77 da Lei 9/2002, de 29 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, suspende-lo outorgamento de licenzas nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento cunhas novas determinacións que supoñan a modificación da ordenación urbanística, que son os seguintes:

a) En tódalas zonas afectadas por sistemas xerais ou locais de viario, infraestruturas, equipamentos ou espazos libres (de entre as establecidas en calquera dos dous documentos), en calquera clase de solo, agás naquelas zonas que sirvan para a propia execución dos mesmos.

b) No **solo urbano non consolidado** do PXOM suspenderanse en tódolos casos.

c) No **solo urbano consolidado e nos núcleos rurais** (de entre os establecidos en calquera dos dous documentos) suspenderanse só naquelas zonas en que non se poidan cumprir ambas ordenacións ou normativas simultaneamente (PXOU de 1993 e PXOM), e sobre todo naquelas zonas afectadas por viario, infraestruturas, equipamentos ou espazos libres. A respecto dos parámetros concretos de ordenación que establezan ambos documentos en cada zona, os proxectos sometidos a licenza non poderán superar o valor mais baixo (de entre os dous documentos) no caso de alturas, fondos, volume, edificabilidade (entre outros parámetros de aproveitamento), e por outra banda no caso doutros parámetros que se regulan en sentido inverso aos anteriormente citados (cesións, espazos libres, espazos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

comunitarios ou públicos, etc) non poderán ser inferiores ao valor mais outo (de entre os establecidos nos dous documentos).

*d) En tódolos ámbitos de **solo urbanizable** (delimitado e non delimitado) establecidos en calquera dos dous documentos.*

*e) Consideraranse tamén suspendidas as licencias de demolición ou edificación en tódolos **elementos do catálogo** contemplados no presente PXOM.*

f) Nos ámbitos de planeamento remitido a plans de desenvolvemento, agás nos aprobados definitivamente sempre e cando o PXOM non estableza modificacións neses ámbitos (neste caso a suspensión afectará só a esas zonas modificadas).

g) No solo rústico, dado que nas licenzas (agás no caso de infraestruturas e peches) se require da autorización previa da CMATI (entre outras administracións que deban autorizar en cada caso), e estimando que esas propias administracións van a regular axeitadamente as autorizacións que se poidan conceder transitoriamente mentres non se aproba definitivamente o PXOM, só se suspenderán as licenzas no caso xeral do punto a) anterior (zonas afectadas por sistemas xerais ou locais de viario, infraestruturas, equipamentos ou espazos libres).

Os actos xenéricos para os que se suspende o outorgamento de licencias (cando non se especifican exactamente) son os de parcelación de terreos, edificación e demolición.

No caso do grupo c) anterior en que se poida acadar unha solicitude cun acordo volumétrico intermedio entre os plans de aplicación coordinada (PXOU vixente e PXOM), serán os servizos técnicos municipais os que determinen a congruencia das solicitudes e a súa integración na ordenación urbanística final, sen superar o valor mais desfavorable para cada parámetro volumétrico de entre os que os citados plans outorguen, e prevalecendo sempre a ordenación mais restrictiva (menor altura, fondos ou volume e maiores cesións, espazos públicos, etc) ou a maior protección das establecidas en ambos documentos

*A Guarda, 7 de decembro de 2015.
O Alcalde*

Antonio Lomba Baz"

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai tratar de xustificar o seu posicionamento neste tema. Van anos de reunións, de conversacións e discusións sobre un documento que maioría dos presentes no público descoñece. Sinala que levan agardando dúas lexislaturas por este pleno de aprobación inicial do plan xeral. Di que o equipo de goberno presenta este plan sabendo que non conta co apoio da corporación tal e como quedou demostrado na Comisión de Urbanismo. Descoñece se a intención do Alcalde é simplemente dicir que el trouxo o plan xeral a aprobación inicial. Cre que o alcalde debe xustificar outras cuestións:

Chegou a acordos coa oposición sobre este asunto?



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Por que este PXOU leva tantos anos gardado nun caixón?
Por que non se permitiu ós grupos da oposición realizar aportacións ó documento?

Continua decindo que se o alcalde considera que con traer deste documento á aprobación inicial está xustificada a súa responsabilidade, está moi equivocado e non permitirán que pase a responsabilidade ó resto da corporación. Considera que os que apoien este plan serán complicés da súa aprobación dado o momento no que se atopa a empresa redactora. Pregunta quen respondería ás alegacións dos veciños, dos grupos políticos e outras entidades. Pregunta que pasará se a nova empresa que se contrate necesita tempo para estudar o documento.

Di que leva catro anos pedindo que lle dean voz ós veciños. Facer un novo avance sería darlle voz ós veciños porque o este fíxose fai 8 anos e non se parecía en nada a esto que se trae agora porque a realidade cambiou totalmente.

En relación ás 21 licenzas di que non ten nada contra estes veciños máis ben o contrario. Di que o equipo de goberno comprometeuse con eles e non lles resolveu o problema.

Recorda que dende que se lles entregou o documento só houbo un momento no que parecía que había intención de chegar a consensos e houbo reunións para elo. Pero todo rematou cando o seu grupo propuxo a retirada dun determinado SAU. Nese momento demostrouse que había unha intención final de interés urbanístico conveniado cunha empresa constructora. Trátase dun plan á medida do PSOE. Naquela mesma reunión ó anterior alcalde lles comunica que o documento está pechado e que non admite suxerencias. Por esta razón o equipo de goberno non pode falar de vontade política. Considera que a vontade política é abrirse ós veciños, ser transparente e chegar a acordos. Remata dicindo que contarían co seu apoio se este plan fora un plan de todos e para todos.

O sr. Rodríguez Fariñas antes de realizar a súa intervención sobre o fondo do asunto lle pide ó secretario que informe se a proposta que leu o Alcalde ten algo que ver coa proposta que viña a pleno. Di que non ten coñecemento desa proposta, que ningún grupo ten esa proposta. Di que o documento que acaba de ler non é coñecido por ningún grupo do oposición e que non se lles trasladou xunto coa convocatoria. Tamén sinala que o plan xeral do 93 reflexa un incremento de poboación que non supera os 600 veciños e este di que en menos de 10 anos imos a crecer en 4.000 habitantes. Este plan incrementa o parque de vivendas abandonadas e fai unha promoción de urbanización e construción que supera as que houbo ata o de agora.

A súa intervención textual é a seguinte:

“Este Concelleiro para poder emitir seu voto favorable a este PXOM se lle teñen que garantir dous pilares fundamentais: claridade e seguridade xurídica.

O PXOM que nos trai para a súa aprobación inicial é un auténtico colador que rezuma por todos seus poros ilegalidade, arbitrariedade e inseguridade xurídica, polos motivos seguintes:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

En primeiro lugar, non existe no expediente o preceptivo informe xurídico emitido por un licenciado en Dereito que avale a seguridade xurídica do PXOM e, por ende, a posibilidade do sentido dun voto afirmativo deste concelleiro. (LOUGa, Artigo 85.1.4..." os servicios técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto de conformidade do Plan ca legislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada...") Soio por este primeiro motivo, ou carencia do informe preceptivo, produce a anulabilidade de todo o procedemento, dando orixe a ter que retrotraer o expediente o seu inicio, cos custos económicos que isto conleva.

En segundo lugar, o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, como mínimo, debería haber aclarado (para no ser exhaustivos) os seguintes aspectos:

1º).- Se consta no expediente que se efectuou a subsanación de todos e cada una das faltas de acomodo o ordenamento xurídico producidos polos distintos informes sectoriais, incluso os emitidos pola Conselleria de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte.

2º).- Terreos que pasaron de rústicos a urbanos sin reuni-los requisitos esenciais para a súa adquisición.

3º).- Cambios de clasificación do solo con relación do vixente si están o non clasificados.

Si o cambio é a solo urbano consolidado, se cambiou físicamente para reunir dita condición.

4º).- Si os límites de sostenibilidade que establece a LOUGA nos artigos 46.2, 3, 4, y 5 si se calcularon na forma prevista nos apartados 6 e 7 do artigo 46.

No caso de que non se cumplan os sistemas de espazos libres públicos, equipamentos públicos e de plazas de aparcamentos. Tanto en SOLO URBANO CONSOLIDADO, en SOLO URBANO NON CONSOLIDADO e SOLO NON URBANIZABLE artigos 47.1 e 2 da LOUGA. Non se computan as dos vias existentes.

5º).- Si as vías principais de nova apertura en SOLO URBANO NON CONSOLIDADO e SOLO NON URBANIZABLE teñen un ancho mínimo de 16 m.

6º).- Si a totalidade de SOLO URBANO está dividida en distritos seguindo as directrices que establece o artigo 49.1 da LOUGa.

7º).- Si a totalidade de Solo Urbanizable está dividida en sectores de 20.000 m2. (cómo mínimo) seguindo as directrices do artigo 49.2 da LOUGa.

8º).- Si están delimitadas as áreas de reparto en SOLO URBANO NON CONSOLIDADO (SUNC) e en Solo Urbanizable Delimitado (SUD) con fixación do aproveitamento tipo que establece o artigo 53.1 da LOUGa.

En relación cos sistemas xerais e actuacións previstas ¿si existe estudio económico financiero cunha avaliación do seu custo de execución? Como indica o artigo 60 da



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

LOUGa. Tamén, si se indica si a financiación vai a ser con recursos públicos ou privados. En caso de que sexan públicos e do Concello, as previsións de cómo se vai a financiar e o tipo de recursos. Por certo, si se di que se vai facer con aportacións con todo, ou en parte, doutras Administracións públicas, organismos públicos etc. Si existe a conformidade –por escrito– dos mesmos e si as cantidades son suficientes.

Non existe no expediente administrativo, o regulamentario informe de intervención que acredite o cumprimento e a xustificación dos anteriores aspectos do estudio económico financiero.

9º).- Si están plenamente xustificadas as ampliación dos núcleos.

10º) Si o informe da Consellería de Medio Ambiente do PXOM cumpre co artigo 41.4 da LOUGa).

11º) Si o convenio dos Xesuitas cumpre cas determinacións da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e cos límites de sostenibilidade do artigo 46 da LOUGa.

12º).- O expediente administrativo incumple as determinacións do artigo 163.2 do ROF que prescribe: Os expedientes se formarán mediante a agregación sucesiva de cantos documentos, probas dictámenes, decretos, acordos, notificacións e demais dilixencias deban integrarlos, e as súas follas útiles serán rubricadas e foliadas polos funcionarios encargados da súa tramitación.”

Por estes motivos di que o voto de CONverxencia Galega vai ser negativo.

O sr. Baz Vicente fai a seguinte intervención:

“Bo día a todos e a todas,

Primeiramente, dicir que non hai moitos precedentes neste concello de traer a pleno un punto co ditame desfavorábel da Comisión de Urbanismo, o cal xa di bastante de como se están a facer as cousas.

Resulta curioso que unha vez máis, un asunto de urbanismo se cole nunha campaña electoral, serán casualidades, pero aí queda.

Lembrar ao grupo de goberno que na última ocasión que isto pasou foi por un punto na orde do día que ten moito que ver co que hoxe imos votar: “O convenio urbanístico do Colexio dos Xesuítas”.

Daquela o BNG dixo que non era o mellor momento, a catro días das eleccións municipais, para aprobar un convenio que ía condicionar o futuro plan xeral da Guarda, de feito está incorporado.

Non fixeron caso: o PP e o PSOE aprobárono co voto en contra do BNG.

Hoxe estamos ante unha situación semellante, o PSOE volve facer o mesmo. Dende o BNG consideramos que non é o mellor momento para traer isto a pleno.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O alcalde di por un lado que leva realizando esforzos para aprobar o plan xeral, sen embargo, actúa de xeito totalmente contrario. O BNG solicitou por escrito información no mes de xullo que lle foi entregada a mediados de novembro e despois de ser advertido, o alcalde, por este portavoz, polo que non había moita présa por tratar o tema.

Dende o BNG estamos fartos do trato que o PSOE lle dispensa a esta formación política. Piden chegar a acordos, piden consensos, pero actúan como se tivesen maioría absoluta.

*Dende o BNG non entendemos estas presas de última hora, porque estiveron gobernando durante 8 anos e os catro primeiros con maioría absoluta, (**con promesas aos afectados polas sentenzas das 21 licenzas**) e non fixeron nada, soamente desculpar o atraso polos continuos cambios da lexislación.*

Agora, ás portas dunha nova “lei do solo” pretende apurar unha aprobación inicial intentando presionar na oposición, sabendo que terán que adaptar o PXOM á nova lei.

Por certo, que deberían saber que a tramitación da “nova lei do solo” era coñecida hai ano e medio.

Outra das cuestións que temos que ter en conta é que neste intre non hai equipo redactor, xa que decidiron rescindir o contrato co concello, polo que non temos quen conteste as alegacións que os veciños e veciñas poidan presentar, de prosperar a aprobación inicial. No caso de contratar a unha nova empresa terá que responder dun plan que non deseñou ... vamos, un esperpento.

Pero se isto non fose suficiente existen varios informes preceptivos que cuestionan a actual redacción do PXOU, é dicir, que os mesmos que teñen que aprobar realmente o plan, a Xunta, xa están advertindo que existen erros, algo que xa o BNG advertiu no seu momento, e ninguén, nin o goberno nin o equipo redactor, xustificou correccións. Sorprende que o Alcalde chegue a presumir que hai recomendacións coas que non está de acordo e polo tanto vai así.

Dende logo que para o BNG se hai alguén responsábel de que non haxa un novo PXOM na Guarda é, única e exclusivamente, o PSOE.

Ante isto o BNG anuncia que vai votar en contra da aprobación inicial do PXOU”

A sra. Ortega Martinez fai a seguinte intervención que consiste en realizar preguntas e respostas:

1.,. Por qué deixa Consultora Galega o plan xeral de A Guarda? XA se sabía antes das eleccións municipais

Deixao porque ten que modificalo e actualizalo, e para elo piden unha cantidade de diñeiro. O Concello non está dacordo na cantidade e ofrece outra.

2.- Está actualizado o Plan?

Non; se non Consultora Galega non pediría esa cantidade; non, se non o Concello non lle ofrecería esa outra cantidade. CONSULTORA GALEGA lles dixo que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

entenden que hai que modificalo e actualizalo a dúas leis polo menos: a de estradas e a de montes. Reconocen que así non se pode levar a pleno.

3.- Temos nova empresa redactora?

Non

4.- Con que empresa poden os grupos municipais entablar conversacións para sobre o plan?

Con ningunha

5.- Como podemos ser constructivos e apoiar o plan xeral?

Se non hai empresa coa que interactuar non podemos.

6- Fixo o Partido Popular de A Guarda todo o posible para apoialo?

Reuníronse con arquitectos que traballan ou traballaron en Concellos, con concelleiros de urbanismo doutros Concellos, con Alcaldes, coa Xunta en tres ocasións, con Consultora Galega, co grupo de Goberno en 3 ocasións. O seu grupo estivo estudando o Plan a fondo, dous desde o punto de vista de urbanismo e outro desde o punto de vista legal. É, sen dúbida ó tema o que dedicaron mais horas e todos coinciden en que non entenden como se pode levar a pleno un PXOU sen empresa redactora e sen actualizar.

7.- Pódese actualizar á nova Lei do Solo?

Na disposición transitoria segunda deixa claro que se pode actualizar antes ou despois da aprobación inicial.

8.- O informe da Xunta é favorable?

El informe de agosto de 2012 é totalmente negativo e demoledor.

Por todas estas razóns di que non poden apoiar este Plan.

O sr. Alcalde di que se lle están a dar moitas voltas a este asunto co ánimo de confundir. Da conta da evolución do Plan Xeral para aclarar que o Grupo Municipal Socialista non aprobou este Plan cando tiña maioría absoluta porque non había Plan que aprobar.

O contrato con Consultora Galega asínase no ano 2004. Hai unha entrega dun documento para informe previo para a aprobación inicial no ano 2009. No ano 2010 entre en vigor unha lei que obriga á adaptación do Plan a esa Lei. Prodúcese unha nova entrega dun documento para informe previo para a aprobación inicial en marzo de 2011. Mándase a Xunta para ese informe previo. Entre a Xunta e o Concello prodúcense reunións para ver qué aspectos do seu informe que non é vinculante se asumen por parte do Concello. Di que se fai así porque o Plan o fai o Concello, aínda que se non se aproba ó mellor vai facelo a Xunta de Galicia. Finalmente a entrega do documento para a aprobación inicial faise o 16 de abril de 2012 cando xa non había maioría absoluta. Dende entón prodúcense reunións para intentar chegar a acordos cos grupos da oposición. En todo este proceso participou Consultora Galega e estivo aberta á reunións con todos os grupos da corporación para recibir suxerencias.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Neste momento o alcalde lé un extracto da acta dunha reunión que se mantivo entre a Xunta, Consultora Galega e o Concello: da súa lectura extraese que nela se trataron dúas cuestións: núcleos costeiros da Guarda (regularización das 21 licenzas) e adaptacións do documento ás observacións feitas no informe previo a aprobación inicial do PXOU.

Di que o Grupo Municipal Socialista xa anunciou na campaña electoral de maio que ía traer á aprobación o Plan Xeral.

Di que el tentou negociar con Consultora Galega dende o mes de xullo, mes no que tivo coñecemento da situación da empresa. Pero non ofreceu diñeiro á Consultora Galega. Neste momento temos os pregos redactados e o expediente preparado para proceder á contratación dunha nova empresa.

Da conta do documento co que foi ás reunións co Partido Popular na anterior etapa (di que non puido facelo co BNG). Segundo este documento o grupo de goberno asume os seguintes compromisos:

- Facer durante 3 meses unha exposición pública do Plan Xeral
- Adaptar o Plan, despois da exposición pública ás leis que sexan necesarias
- Responder ás alegación dos veciños e asociación
- Asumir as alegación que se fagan os grupos políticos co obxecto de mellorar o documento e que esten dentro da legalidade.
- Correxir os erros que se detecten no plan
- Volver a traer a aprobación inicial o Plan se as modificacións introducidas vías alegacións ou por adaptación ás leis implicase unha modificación substancial do documento

Por qué se trae agora? Porque é favorable ós intereses da Guarda xa que aforra cartos e tempo. Di que o Concello leva gastado neste plan máis de 300.000 euros e non se poden tirar pola borda este traballo.

Respecto da transparencia di que eles queren que se expoña públicamente no Concello pero no seu debido tempo, tal e como marca a Lei. DÍ que non teñen intereses urbanísticos.

Respecto das 21 licenzas di que é un quebradeiro económico para o concello pero sobre todo é un gran trastorno para aquelas persoas que están a vivir nas vivendas que hai que derribar. Se hai unha posibilidade se salvar algunha destas vivendas hai que aproveitala.

A sra. Iglesias Ferreira di que non houbo negociación con ninguén, que o anterior alcalde lles dixo que era un documento pechado e iso non é negociar. Non se lles contestou a ningunha das cuestións que lles plantexaron. Hai que aclarar os meses de exposición pública porque na proposta fálase de dous meses mentras que o Alcalde dicía tres.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lé un informe da Xunta de Galicia que di que o Concello da Guarda no ano 2010 tomou a decisión de non aprobar inicialmente o Plan antes da entrada en vigor da Lei de 2010.

O sr. Alcalde intervén para dicir que o informe preceptivo para a aprobación inicial non entrou no concello antes desa data.

Continua a sra. Iglesias Ferreira dicindo que o Alcalde sí ten interés urbanístico no Plan e que o seu problema está incorporado no Plan Xeral e o doutros veciños non.

A empresa redactora xa avisou fai tempo que non quería continuar co Plan Xeral da Guarda.

Se se incorpora o Plan Director do Monte Santa Trega afectará a moitos veciños na franxa da Cruzada e Camposancos.

O sr. Rodriguez Fariñas di que se está intentando aprobar un Plan Xeral nunha situación precaria que provoca inseguridade xurídica. Di que estas son as consecuencias da reunión do Grand Prix na que se asumiu un compromiso con determinadas persoas. Reta ó Alcalde a que traía un documento no que os tribunais digan que non continúan coas demolicións; nese caso aprobaría o Plan. Lé unha circular da Fiscalía General do Estado onde se dan instrucións ós fiscais informándoos que cometerán prevaricación urbanística a autoridade ou funcionarios que informe favorablemente instrumentos de planeamento sabendo que non teñen encaixe legal. Fai outra recomendación como é que non ten aplicación retroactiva a lei penal polo mero cambio de planeamento urbanístico. Dese xeito, o problema das 21 licenzas non se soluciona modificando o Plan Xeral e polo tanto non pode cumprir coa palabra dada. Di que o Alcalde lle di a xente que os culpables de que non se poidan salvar a situación dalgunhas vivendas afectadas son os concelleiros da oposición cando sabe que non é así, e que non se pode solucionar o problema coa aprobación dun novo plan Xeral. A situación é que agora hai que pagar as indemnizacións, obviamente. Informa ó Alcalde que Consultora Galega está quebrada e non hai posibilidade de negociar.

O sr. Alcalde lle contesta que noutros concellos se aprobaron Plans xerais para salvar derribos; que non o dí el, senón a Xunta de Galicia.

O Sr. Lomba Alonso di que se acaba de constatar que non hai transparencias e vontade política xa que hai dous documentos os que non tivo acceso a oposición. Se houbera vontade política de incluír á oposición debería darlle polo menos traslado de toda a documentación.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Di que o BNG xa advertiu que ía ter consecuencias o Convenio dos Xesuitas, e agora no informe da Xunta se constata. Sinala que o que dí neste tema a Xunta non soa a recomendación, senón que di que a calificación dese sólo non é aceptable.

Respecto das 21 licenzas o BNG non fixo falsas promesas porque consideraban que non había que xogar coa situación das persoas que están a sufrir este problema. Di que se hai un documento que lles asegure que coa aprobación do Plan Xeral non se derribarán as vivendas afectadas, eles apoiarán. Di que a única intención do alcalde é sacar unha nota de prensa na que diga que el cumpriu.

A sra. Ortega Martínez di que para o Partido Popular non hai garantías xuridicas para a súa aprobación. Di que na única reunión que tiveron con Consultora Galega expuxeronlle certas cuestións técnicas que non vían claras.

Chegados a este punto di que os Populares de A Guarda propoñen o seguinte:

- 1º) Que resolva o litixio coa empresa redactora do Plan.
- 2º) Que o novo equipo redactor utilice os arquivos editables existentes, para facer as modificacións como recolle Consultora Galega que hai que facer, e adaptar un novo Plan, adaptándoo ás esixencias da Consellería de Ordenación e das demais administracións, así como á nova Lei do Solo de Galicia, a nova lei de Carreteras e a nova lei de Montes..
- 3º) Que se reconsidere a ordenación e a calificación do solo, tendo en conta a realidade do concello de A Guarda e a súa comarca.
- 4º) Que na adaptación e redacción dese novo Plan participemos todos os colectivos e grupos que representamos aos guardeses. Solo coa intervención de todos poderemos chegar a un consenso.”

O sr. Alcalde di que se traballará nun novo plan pero para chegar o mesmo sitio xa que a Xunta marca as directrices. Respecto da participación na elaboración do plan di que os partidos da oposición podían reunirse con Consultora Galega cada vez que quixeran para expoñerlle aqueles cuestións e suxerencias que crean convintes.

O sr. Álvarez Carrero di que habería que fixarse na forma de facer un Plan Xeral por parte do Concello das Pontes.

O sr. Alcalde di que por cuestións de operatividade deben ser os representantes dos veciños os que participen directamente na elaboración do plan. Sinala que este Plan está e estará aberto ós grupos políticos. Recoñece que non lle gustou o convenio dos Xesuitas nun principio pero entendía que era a vía de salvar aquilo. Considera que o Partido Popular ten marcada a súa postura respecto do Plan Xeral dende o 20 de outubro de 2015 e que este Plan non é de todos porque algúns non quixeron participar.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A sra. Iglesias Ferreira di que se lle dixo que o plan estaba pechado. Este plan non incorpora ningunha suxerencia. Pide que traian un documento que estea mínimamente consensuado.

O sr. Español Otero diríxese á Sra. Iglesias Ferreira e dille que no ano 2012 se lle entregou o documento e lle enviou mensaxes para celebrar reunións sobre o Plan Xeral co grupo do Partido Popular. Recorda que no ano 93 cando se aprobou o Plan Xeral vixente o partido socialista aportou suxerencias ó equipo de Goberno do PP. Recorda tamén que ela tamén censurou a exposición pública feita por Convergencia Galega. Non obstante, se se aproba inicialmente o Plan, abriríase un periodo de alegacións, resolveríanse estas e despois tería que volver a aprobarse provisionalmente. Pide que non se lles acuse de oportunismo ó traer a aprobación do Plan neste momento porque non é así.

O sr. Rodríguez Fariñas di que ninguén expón cal é proxecto para A Guarda e que este Plan é o do Partido Socialista e eles non o comparten. Di que espuxeron e que aínda espoñen o Plan Xeral na súa sede porque a primeira vez que souberon da existencia dun CD co plan Xeral fora do Concello foi a través dunha chamada dende Santo Domingo na que se lle dixo que había un grupo de persoas alí vendo o Plan. Tamén se enterou que había oficinas de arquitectura que dispoñían do mesmo CD que tiñan os grupos políticos. Por outra parte, entenden que os representantes políticos están no Concello porque os colocan ós veciños e que polo tanto estes veciños teñen todo o dereito do mundo cal éra o Plan Xeral da Guarda.

O sr. Lomba Alonso di que se recoñeceu nesta mesma sesión que se convocou un pleno extraordinario para a non aprobación do plan. Recorda que o que dixo o BNG sobre o convenio dos Xesuitas non houbo nin un só técnico que o contradixese. O que di o informe da Consellería é o que dicía o BNG no seu momento. Di que non está de acordo co plantexamento de que a única vía de darlle vida ó colexio dos Xesuitas sexa o convenio asinado.

VOTACION.

Sometida a votación a proposta **obtivo ós VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (**7 votos a favor**) e os **VOTOS EN CONTRA** dos Sres/as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**dez votos en contra**), polo que dita proposta non prospera

E sendo ás once horas e dez minutos do día da data o sr. Presidente levanta a sesión da que eu secretario dou fe.